

“ As grandes obras de humanización do noso pobo”



Non sería mellor “humanizar” amañando os desperfectos existentes nas rúas e beirarrúas que temos en vez de malgastar os cartos de todos en obras sen xeito nin maneira.



Máis sobre o “despilfarro”; que clase de contratos está a facer o goberno do PP do noso pobo cando una obra de abastecemento de Virizo e Montemeao (pleno do 26/03/14) orzamentada en 98.131,05 € pasa case por “arte de maxia” a costarnos 102.243,06 €, (9.263,89 € a maiores do que costaba ao principio), quen o entende?

“ Que está a facer este goberno municipal coa praia?”



O BNG, fronte a inacción dos gobernos do PP, aquí e en Madrid, presentamos no Congreso dos Deputados una pregunta relativa ao deterioro da Praia da Madalena, mediante a que manifestamos, na mesma liña que están a facer ADEGA e Somos Cedeira, a necesidade de acometer una actuación integral na mesma e non parches anuais que non solucionan nada.



Xa perdimos a conta de canto tempo levan pechados os servizos do Paseo Marítimo, cando o BNG lle preguntamos ao grupo de goberno municipal sobre o tema, dixéronnos que estaban en obras, alguén veu que se estea a facer alguna obra neles?